

PLENO DO EXCMO. CONCELLO .- Núm. 14

CONVOCATORIA

ORDE DO DIA para a sesión ORDINARIA (outubro) que terá lugar o día 7 de NOVEMBRO de 2016, ás NOVE HORAS, no salón de Plenos deste Concello.

PARTE RESOLUTIVA

- 1.- Actas anteriores:** (sesión extraordinaria do 29.08 e ordinaria (agosto) do 5.09.2016.

Ditames das comisións informativas:

ORZAMENTOS E FACENDA

- 2.-** Dar conta do estado de execución do estado de gastos e ingresos do Orzamento, correspondente ao terceiro trimestres do 2016, así como do movemento de Tesourería por operacións orzamentarias e non orzamentarias . Expte. 33/143 (1445/1101)
- 3.-** Dar conta do informe trimestral de Tesourería sobre o cumprimento dos prazos para o pago das obrigacións previstas no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público correspondente ao 3º trimestre do ano 2016. Expte. 17281/541 (Rexistro Pleno 1446/1101)

Mocións:

- 4.-** Moción do Grupo municipal Socialista instando á administración concesionaria competente e aos gobernos da administración xeral do Estado e da Xunta de Galicia que a AP-9 teña consideración de vía urbana dende o nó da Av. de Buenos Aires. Rexistro Pleno 1450/1101.
- 5.-** Moción do Grupo municipal Socialista instando ao goberno central a adoptar as medidas necesarias para garantir que dende o IMSERSO se reverta a inaceptable decisión tomada ao respecto dos voos dende o aeroporto de Peinador do "Programa de Turismo 2016-2017. Rexistro Pleno 1451/1101.

PARTE DE CONTROL

- 6.-** Dar conta de resolucións da Alcaldía.

- 7.- Dar conta de resolucións asinadas por concelleiros/as delegados/as.
- 8.- Dar conta da Resolución da Alcaldía, de data 30.09.2016, referente ao réxime no desempeño das súas funcións con dedicación parcial de nove horas da concelleira do grupo municipal do Partido Popular, D^a Elena Cruz González Sánchez.
- 9.- Dar conta da Resolución da Alcaldía, de data 10.10.2016, referente á renuncia da concelleira do grupo municipal do Partido Popular, D^a Teresa Egerique Mosquera, do réxime de dedicación parcial de nove horas.

Mocións.

- 10.- Moción do Grupo municipal de Marea de Vigo instando a apertura dunha Comisión Especial de Investigación sobre o Auditorio Mar de Vigo e tódolos contratos, convenios, actividades ou calquera tipo de intervención existente no presente e pasado ano entre o Concello e a empresa Pazo de Congressos S.A. Rexistro Pleno 1443/1101.
- 11.- Moción do Grupo municipal do Partido Popular instando ao goberno municipal a elaborar e desenvolver un plan de transporte municipal que contemple as necesidades de comunicación das parroquias, proxectando un servizo de lanzadeiras destas co Hospital Público Álvaro Cunqueiro. Rexistro Pleno 1449/1101.
- 12.- Moción do Grupo municipal do Partido Popular instando ao goberno municipal a declarar a Praza de Compostela e o seu entorno como Zona Protexida, de cara a poñer fin tanto as molestias que padecen os veciños os fins de semana como ao continuo deterioro. Rexistro Pleno 1455/1101.

13.- Formulación de rogos.

14.- Formulación de preguntas.

DECRETO DE CONVOCATORIA:

Examinada a relación de asuntos precedentes correspondentes ós expedientes concluídos para a súa inclusión na orde do día, convócase ó Pleno da Corporación para ter lugar sesión ORDINARIA no salón de Plenos ás NOVE HORAS do día SETE, para resolver os asuntos da devandita relación.

Se na primeira convocatoria non existira o quorum necesario, entenderíase convocada a sesión automaticamente á mesma hora dous días despois.

Notifíquese ós Sres. e Sras. membros da Corporación para a súa concorrencia puntual ó acto e fágase público no taboleiro da Casa do Concello ós efectos de información.

am

Vigo, 2 de novembro de 2016

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Álvarez

José Riesgo Boluda.